

## PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

# Estimulando o intelecto

24.08.2010 Marilar Aleixandre, que escribe un Robinsón en galego, procura que no seu traballo haxa unha parte de pracer

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Amante do jazz e da luz do serán, Marilar Aleixandre non para. En ningún sentido. Neste verán xa estivo na Costa da Morte, en Asturias, en Francia e en Suíza, e ó seu *O coitelo en novembro* sumaralle un "Robinsón en galego" e unha novela.

Está a ter un verán de pracer ou de traballo?

Eu procuro sempre que o traballo sexa estimulante intelectualmente e, xa que logo, teña a súa parte de pracer. De tódolos modos en agosto teño vacacións, aínda que sempre hai algunha cousa que queda pendente.

Ten algún plan para pasa-lo verán?

Paso uns días en Toba, en Cee, na Costa da Morte, que é a terra do meu home. A comezos de agosto viaxei catro días ó parque de Redes, en Asturias, e agora xusto acabo de regresar dunha viaxe de dúas semanas por Francia, en cidades coma Lión, Tolosa ou Albi, e Suíza onde estiven en Xenebra.

Vese practicando o Xacobeo nestas vacacións?

Se practica-lo Xacobeo é face-lo Camiño de Santiago, calquera outro momento é máis adecuado ca este. Eu fixen o Camiño Galego, e algún día fareino completo.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

As presentacións do meu libro de relatos *O coitelo en novembro*, que acaba de editarse, ocuparanme unha parte do outono. Ademais, teño entre mans unha nova novela e tamén un libro xuvenil, un encargo de escribir un Robinsón en galego. Trátase de *Robinsón contado polas alimarias*, que son os animais da illa dos trópicos que el non menciona no seu relato.

Que é o que lle gusta máis do verán?

Dispoñer de tempo, así coma a luz dos longos seráns.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Tódalas estacións son distintas, na nosa latitude, e esa mudanza é fermosa.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitada na praia, que escollería?

Combina-los paseos pola praia con camiñar polo monte e tomar cañas, ou o que cadre.

Pasa o seu verán lendo algún libro?

Sempre paso o tempo, xa sexa verán ou inverno, cun libro ou un par deles. Neste caso estou lendo *Un cirque*

passe de Patrick Modiano e unha biografía de Garibaldi.

Ademais, escoita música. Están no seu repertorio os grandes éxitos de Georgie Dann?

Non, Dann dende logo que non. Eu escoito jazz, por exemplo o último disco de Wynton Marsalis, *Live at the house of tribes*.

Aproveita o verán para practicar algún deporte?

Non, a non ser que as camiñadas no monte as consideremos coma un deporte.

A literatura para unha escritora é ó mesmo tempo profesión e hobby?

En certo modo si, aínda que a profesión da que vivo eu é ensinar e investigar na universidade.

A escritora sempre ten un libro baixo o brazo?

No meu caso, si, por exemplo neste intre o que dicía de Modiano.

Ó estar de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

Ás veces, pero o importante das boas ideas é dedicarlle tempo e traballo.

Se puidese escoller calquera persoa (de calquera lugar e de calquera época), con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Con Rosa Luxemburgo -teórica marxista-, xa que era unha muller que escribía moi ben e que ía sempre a contracorrente.

Como é o primeiro día de escritura trala temporada de vacacións? Custa arrincar?

Ó contrario, tiña desexos de poñerme diante do ordenador para comezar a traballar algunha idea nova.

#### O PERFIL

Nome: María Pilar Jiménez Aleixandre

Lugar de nacemento: Madrid Ano de nacemento: 1947

Obras: *A formiga coxa* (1989), *O trasno de Alqueidón* (1996), *Se destes croios* (1998), *Paxaros de papel* (2001), *Teoría do caos* (2001)...

Premios: Premio Rañolas por *O trasno de Alqueidón*, Premio Lazarillo de literatura xuvenil por *A Banda sen futuro* (1999), Premio Xerais de novela e Premio San Clemente por *Teoría do caos*,...

Ademais: Di que aprendeu a escribir redactando panfletos e mais artigos en revistas de partidos clandestinos. É catedrática na USC, onde imparte clases.

Antonio Hernández